

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIOAMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE PARA DESENVOLVER A ESTRATEXIA DE ECONOMÍA CIRCULAR DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Santiago de Compostela, data e hora da sinatura dixital (02/11/2021)

REUNIDOS

Dunha parte, **Ángeles Vázquez Mejuto**, na súa calidade de Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, nomeada por Decreto 112/2020, do 6 de setembro, (DOG núm.181 do 7 de setembro de 2020) polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e Consellerías da Xunta de Galicia, no exercizo das atribucións que lle confire o artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

De outra parte, **D. Julio García Comesaña**, conselleiro de Sanidade nomeado por Decreto 112/2020, do 6 de setembro, (DOG núm.181 do 7 de setembro de 2020) polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e Consellerías da Xunta de Galicia, intervindo en calidade de presidente do Servizo Galego de Saúde, de conformidade co disposto polo artigo 6.1.a da Lei 1/1989, de 2 de xaneiro, do Servizo Galego de Saúde.

As partes recoñécense recíproca e mutuamente a capacidade e lexitimación necesarias para subscribir o presente acordo colaboración, e para ese efecto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- O Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, atribúe a esta as competencias e funcións en materia de ambiente, ordenación do territorio e

DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Lázaro
San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 541 705
dxcalidadeambiental.cmot@xunta.gal
www.xunta.gal

urbanismo, conservación do patrimonio natural, paisaxe e vivenda, conforme o establecido no Estatuto de autonomía para Galicia nos termos sinalados na Constitución Española.

O artigo 1 do Decreto 136/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, determina que esta é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control da execución da política da Xunta de Galicia en materia de saúde, planificación e asistencia sanitaria e farmacéutica, así como o exercicio das competencias da Xunta de Galicia para asegurar á cidadanía o dereito á protección da saúde.

O Servizo Galego de Saúde é un organismo autónomo dotado de personalidade xurídica propia, adscrito á Consellería de Sanidade desde a súa creación pola Lei 1/1989, do 2 de xaneiro. Ten entre as súas funcións: a xestión das prestacións sanitarias e a xestión dos centros, servizos e establecementos sanitarios propios ou adscritos ao mesmo; a política de relación con outras Administracións Públicas; así como o desenvolvemento de programas de formación e docencia dos seus profesionais dentro da súa competencia ou que sexan necesarios para os seus fins.

SEGUNDO.- A Xunta de Galicia, como órgano colexiado de Goberno de Galicia, ven desenvolvendo diferentes actuacións fronte ao cambio climático. O seu compromiso afiánzase agora coa Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050, o instrumento planificador na loita fronte ao cambio climático e a transición enerxética de cara ao horizonte temporal 2050.

Dentro deste ámbito a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 no seu marco de planificación, recolle unha liña 31 específica para unha Administración pública exemplar en materia de cambio climático: Para que a política da Xunta de Galicia en materia de cambio climático sexa percibida máis favorablemente pola sociedade, é importante que todos os departamentos da administración avancen na concepción e aplicación de accións destinadas a reducir o seu impacto en materia de cambio climático.

TERCEIRO.- A loita contra o cambio climático e o desenvolvemento sustentable leva, entre outras cuestións, a substituír o modelo de consumo actual lineal baseado na extracción de recursos, produción de bens, consumo dos mesmos e xeración de residuos, por un sistema de desenvolvemento e crecemento que permita optimizar a utilización dos recursos, materias e produtos dispoñibles mantendo o seu valor no conxunto da economía durante o maior tempo posible e no que se reduza ao mínimo a xeración de residuos, concepto que se bautizou co termo de economía circular.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda fixouse o obxectivo de dotar a Galicia dunha estratexia propia de Economía Circular, co fin de desenvolver o marco establecido pola UE, adaptala ás peculiaridades económicas, sociais, naturais, produtivas e enerxéticas, reportando beneficios ambientais asociados á correcta xestión dos residuos, a protección do chan, das augas, do aire, do clima e beneficios económicos e sociais asociados.

A estratexia de economía circular galega é o marco de actuación para promover a transición da Comunidade Autónoma cara a unha verdadeira economía circular, segundo as premisas impostas no ámbito comunitario.

O obxectivo primordial da Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde é velar pola saúde da cidadanía a través dunha xestión eficiente dos recursos que contribúa a sostibilidade do sistema sanitario. Neste ámbito, a situación de cambio climático que estamos a vivir a nivel mundial, e que pon en risco a saúde das persoas, fai necesario apostar por un sistema sanitario máis sustentable e respectuoso co medio ambiente.

Elaborar unha Estratexia de Economía Circular propia para o Servizo Galego de Saúde é unha necesidade, sendo a maior empresa de Galicia, cunha actividade continuada os 365 días do ano as 24 horas do día, co que ten un gran impacto no medio ambiente.

CUARTO.- O SERGAS asume coma un reto fundamental o de afondar na sostibilidade da xestión do sistema público de saúde galego a través da minimización da produción

de residuos e a adopción de medidas eficaces para acadar unha xestión integral dos producidos orientada á valorización material ou, subsidiariamente, enerxética, e a redución ao mínimo da eliminación, tendo en conta as especiais características e potencial perigosidade que poden revestir os residuos sanitarios.

QUINTO.- O artigo 1. letra d) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico sinala que os principios de colaboración, cooperación e asistencia no ámbito interno do sector público autonómico faranse efectivos a través de acordos de colaboración ou cooperación para o desempeño conxunto de tarefas comúns. O artigo 14 da mesma Lei indica que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público, ou estas entre elas, poderán formalizar acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia, así como que a colaboración ou cooperación consistirá na participación conxunta e efectiva no desenvolvemento da actividade común, mediante achegas de traballos de organización, medios persoais e materiais ou recursos financeiros para a finalidade compartida, de acordo coas respectivas competencia, sendo compatible a colaboración ou cooperación coa compensación dos custos reais en que unha das partes incorrese.

Por todo iso, as partes comparecentes acordan subscribir o presente acordo de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Servicio Galego de Saúde de conformidade cos termos e condicións establecidas nas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente acordo ten por obxecto a regulación das relacións de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda eo Servicio Galego de Saúde para a elaboración da “Estratexia de Economía Circular do Servicio Galego de Saúde” e a cooperación en materia de clima e saúde.

DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Lázaro
San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 541 705
dxcalidadeambiental.cmot@xunta.gal
www.xunta.gal

SEGUNDA.- ACTIVIDADES E COMPROMISOS ASUMIDOS POLAS PARTES

A).- A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda asume como compromiso contribuir ó financiamento para a elaboración da “Estratexia de Economía Circular do Servizo Galego de Saúde” coa suma que se indica na cláusula terceira, así coma facilitar información e orientación técnica para a elaboración da devandita estratexia e a súa axeitada articulación no marco da Estratexia Galega de Economía Circular 2019-2030.

B).- O Servizo Galego de Saúde asume:

a).- O compromiso elaborar a “Estratexia de Economía Circular do Servizo Galego de Saúde”, segundo o contido e estrutura sinalados no anexo deste acordo.

b).- A tramitación administrativa e a adxudicación do contrato ou encargos que teñan lugar para a realización do obxecto anteriormente definido, de se-lo caso.

C).- Adicionalmente, o Servizo Galego de Saúde e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda comprométense a traballar conxuntamente no desenvolvemento das liñas de traballo de Saúde e Clima de aplicabilidade específica no ámbito da atención sanitaria e saúde que se recollen no anexo deste acordo.

TERCEIRA.- FINANCIAMENTO

A efectos do financiamento da elaboración polo Servizo Galego de Saúde da Estratexia de Economía Circular do Sergas, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas aportará a suma de QUINCE MIL (15.000) EUROS con cargo á aplicación 08.02.541D.640.1, proxecto 2016 00073

Dita cantidade, unicamente cubre unha parte dos gastos, asumindo o Servizo Galego de Saúde os custes adicionais necesarios para a elaboración da Estratexia.

Posteriormente á formalización do presente acordo, remitirase á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos o mesmo xunto coa documentación pertinente para que se leven a cabo as modificacións orzamentarias que correspondan.

CUARTA: PUBLICACIÓN DE RESULTADOS E PROPIEDAD INTELECTUAL

A propiedade intelectual derivada das accións para a materialización do obxecto do presente acordo quedará incorporada coma obra colectiva ao patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa administración e explotación corresponderá indistintamente á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o SERGAS.

As partes comprométese a colaborar, de acordo cos principios da boa fe e eficiencia, na determinación dos procedementos axeitados para obter o éxito da protección e explotación dos resultados.

Antes de que remate o prazo de vixencia do acordo, o SERGAS entregará unha copia da estratexia á Consellería.

QUINTA.- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS

As partes acordan que toda a información e datos que una parte entregue ou facilite á outra, de forma oral, escrita, gráfica e/ou electrónica para o desenvolvemento dos traballos obxecto deste acordo, será confidencial e secreto, e non se divulgará a ningún terceiro sen o consentimento da outra parte.

De conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e pola que se deroga a Directiva 95/46/CE, na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, así como o resto da lexislación vixente nesta materia, as partes comprométese a gardar a máis estrita confidencialidade respecto de calquera información, datos e documentación de

DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Lázaro
San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 541 705
dxcalidadeambiental.cmot@xunta.gal
www.xunta.gal

carácter persoal á que teñan acceso en virtude do presente acordo e ao deber de gardalos, sen que podan utilizalos para usos diferentes aos previstos o mesmo, e fan constar, de maneira expresa, que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso. Estas obrigas subsistirán incluso despois de finalizar a relación entre as partes.

SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase unha comisión de seguimento, composta por dúas persoas representantes da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e dúas persoas representantes do Servizo Galego de Saúde.

A Comisión de Seguimento terá as seguintes funcións:

- a) O seguimento, desenvolvemento e aplicación do presente acordo e das actividades realizadas, así como a adopción de decisión sobre as mesmas.
- b) A resolución daquelas dúbidas que poidan xurdir no cumprimento, execución ou interpretación deste acordo, sen prexuízo do establecido na lexislación correspondente
- c) A proposta de modificación das cláusulas contidas no presente acordo.

A Comisión reunirse como mínimo unha vez, durante a vixencia do acordo e sempre que o solicite unha das partes, e os acordos adoptaranse por unanimidade.

O funcionamento da Comisión axustarase o establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

SÉTIMA.- NATUREZA XURÍDICA

O presente acordo constitúe o instrumento xurídico polo que se regula a actividade a desenvolver por cada unha das partes asinantes, consonte o artigo 14 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, en relación co artigo 8 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral é do sector público autonómico de Galicia.

Tamén resultarán de aplicación os artigos 47 e concordantes da citada lei 16/2010 no que atinxe ao réxime xurídico do medio propio que poda desenvolver as actividades propias do obxecto do presente acordo.

Trátase dun instrumento xurídico de natureza administrativa excluído da aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, de conformidade co previsto no artigo 6.3 da mesma.

En defecto de normas específicas, ás actividades realizadas baixo este acordo seranlle de aplicación os principios inspiradores das citadas normas legais para resolver as dúbidas e lagoas que puideran producirse. E especificamente, no caso das discrepancias que se poidan producir no cumprimento e execución do presente acordo de colaboración resolveranse nos termos previstos no artigo 18.3 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, en relación co artigo 13 da Lei 16/2010 do 17 de decembro.

OITAVA.- VIXENCIA

O presente acordo producirá efectos a partires da data da súa sinatura e ata o 31 de decembro do 2021.

As partes poderán prorrogar a vixencia do acordo para futuras anualidades ate un máximo de catro, de conformidade co artigo 49, letra h), apartado 2º, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

NOVENA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Será causa da resolución do presente acordo:

- O incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas ou alteración esencial do seu contido sen o consentimento de ámbalas dúas partes.
- O mutuo acordo entre as partes. En calquera caso, ambas partes se comprometen a adoptar as medidas oportunas que garantan a finalización dos traballos que se tiveran iniciado.

DÉCIMA.- Publicidade e Rexistro de Convenios

DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Lázaro
San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 541 705
dxcalidadeambiental.cmot@xunta.gal
www.xunta.gal

O presente acordo será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan o presente documento, por triplicado exemplar e a un só efecto, no día e lugar consignados no seu encabezamento.

A Conselleira de Medio Ambiente,
Territorio e Vivenda

O Presidente do Servizo Galego de
Saúde

Ángeles Vázquez Mejuto

Julio García Comesaña

ANEXO:

Liñas de traballo de Saúde e Clima de aplicabilidade específica no ámbito da atención sanitaria e saúde

- A1: Elaboración de indicadores para o “Observatorio Galego de Saúde e Clima” (proxecto enmarcado na New European Bauhaus Galicia), que sirvan para o seguimento e avaliación dos efectos dos determinantes medioambientais, especialmente os derivados do cambio climático, na saúde como instrumento orientador das políticas de prevención, protección e adaptación ao cambio climático
- A2: Colaboración nas liñas de traballo marcadas na “Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050”, especialmente aquelas encamiñadas a lograr unha Xunta neutra en emisións: elaboración tanto do inventario de emisións, directas e indirectas, como a avaliación das medidas de mitigación ou compensación, no seu caso, das diferentes instalacións do SERGAS.
- A3: Colaboración con Meteogalicia para a determinación dos condicionantes climáticos a ter en conta na planificación de infraestructuras de saúde.
- A4: Formación dos profesionais da saúde en clima e saúde, para que sexan empoderadores da poboación xeral.
- A5: Elaboración dun manual de comunicación en clima e saúde para establecer unha comunicación efectiva na poboación galega no ámbito sanitario.
- A6: Colaboración na participación en conferencias temáticas nacionais e internacionais, cumios e mais congresos relacionados co cambio climático, saúde e clima.
- A7: Organización de conferencias temáticas e/ou eventos temáticos conxuntos.